

**Expediente núm.:** 386/2023

**Documento Descritivo das Prescricións Administrativas**

**Procedemento:** Contratacións

**Data de iniciación:** 25/04/2023

### **PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE CONTRATO ADMINISTRATIVO ESPECIAL, DO SERVIZO DE EXPLOTACIÓN DO BAR DA PISCINA MUNICIPAL**

#### **1.- OBXECTO**

O obxecto do presente prego é definir e establecer as prescricións técnicas da prestación do servizo bar das Piscinas Municipais situado no edificio municipal en Praza Maior, 1, consistente nas instalacións do mesmo (espazo de atención ao público, cociña, barra, terraza exterior e aseos compartidos coas instalacións da Piscina Municipal).

#### **2.- CONDICIÓN XERAIS**

O contratista non poderá, baixo ningún concepto, ceder, arrendar ou traspasar total ou parcialmente a explotación do bar obxecto do contrato ou o uso de calquera dos seus elementos.

O contratista non poderá realizar obras de calquera clase sen a previa autorización do Concello de San Sadurniño.

Está totalmente prohibido dispensar bebidas alcohólicas a menores de 18 anos.

#### **3.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

O contratista deberá prestar servizos complementarios cando o Concello de San Sadurniño o solicite, tales como a preparación de ágapes por finalización de campus deportivos ou actividades da área de cultura ou deportes que soliciten a colaboración do mesmo, acordando previamente o custo dos mesmos. Os devanditos servizos serán solicitados expresamente polo Concello de San Sadurniño, non facéndose este responsable de ningunha actividade colectiva que poida ser invocada no seu nome se non foi fidedignamente requirido o contratista de forma oficial polo Concello. O Concello de San Sadurniño non asumirá de ningún modo as entradas individuais ou bonos dos usuarios que accedan ás instalacións para calquera tipo de celebración no bar cando pretendan facer uso da piscina ou do céspede.

Así mesmo, o contratista virá obrigado a xestionar o control de acceso ás instalacións das Piscinas Municipais coas seguintes prescricións:

- As tarifas para abonar polos usuarios serán as establecidas no artigo 5.c) da Ordenanza Fiscal número 8 do Concello de San Sadurniño vixente en cada tempada estival, sendo as vixentes para a tempada 2023 as seguintes:

- a) Entrada individual para persoas adultas : 3,78 €
- b) Entrada individual para persoas menores de 14 anos: 1,90 €
- c) Abono de tempada para persoas adultas empadroadas (maiores de 18 anos): 33,43 €



## Concello de San Sadurniño

---

- d) Abono de tempada para persoas adultas non empadroadas (maiores de 18 anos): 42,99 €
- e) Abono de tempada familiar (ata 4 membros dos cales menos do 50% estean empadroados no Concello): 59,71 €
- f) Abono de tempada familiar (ata 4 membros dos cales menos do 50% estean empadroados no Concello): 71,65 €
- g) No abono de tempada familiar, por cada persoa a partires da 5ª (independentemente do empadroamento): 5,97 €
- h) Abono mensual para cursos de natación para nenos e nenas empadroados (ata 14 anos): 14,33 €
- i) Abono mensual para cursos de natación para nenos e nenas non empadroados (ata 14 anos): 17,91 €
- j) Abono mensual para cursos de natación para persoas maiores de 14 anos empadroadas no Concello: 23,88 €
- k) Abono mensual para cursos de natación para persoas maiores de 14 anos non empadroadas no Concello: 29,86 €

- Ao comezo da tempada estival o Concello de San Sadurniño elaborará un cartel informativo das tarifas.

- O contratista deberá realizar a cobranza da totalidade dos bonos e entradas así como controlar que non poida acceder ás instalacións ningunha persoa que non conte con algunha das modalidades vixentes. Considerarase que accede ás instalacións calquera persoa que faga uso do céspede ou das piscinas municipais.

- O Concello de San Sadurniño fará entrega, antes do inicio da execución do contrato en cada exercicio, das matrices de bonos infantís, bonos adultos e entradas diarias que estime sexan suficientes para dar cobertura á totalidade da tempada, sen prexuízo de que poida repoñerse algún deles en caso de observarse tal necesidade.

- Finalizada a tempada de apertura das piscinas o contratista deberá entregar en Secretaría-Intervención as matrices, tanto as utilizadas como as íntegras, indicando, no seu caso, as anuladas. Por Secretaría-Intervención municipal elaborárase un informe no que quedarán reflectidos a totalidade dos ingresos obtidos.

#### 4.- HORARIOS

Os horarios de apertura serán como mínimo entre as 15:00 e as 21:00 horas durante todo o período, así como dende as 11:00 ata as 14:00 horas os días nos que se impartan os cursos de natación, e durante a súa duración. Os sábados, domingos e festivos o horario será de 12:00 a 21:00 horas. Calquera modificación do horario deberá ser autorizada polo Concello.

#### 5.- PRODUCTOS ALIMENTARIOS E EXIXENCIAS HIXIÉNICO – SANITARIAS

Os produtos alimentarios serán de calidade e estarán suxeitos á normativa legal vixente, en particular, ao Código Alimentario Español. Indicaranse as marcas ofertadas ou datos distintivos para que en calquera momento, sen aviso previo/previo aviso, puidese realizarse un control de calidade dos produtos alimentarios ofrecidos.

A empresa adxudicataria deberá responsabilizarse tanto das condicións hixiénicas e sanitarias dos artigos e produtos, derivados da prestación dos servizos destas prescricións técnicas, como dos que sexa de aplicación na preparación dos alimentos. Estará obrigada a cumprir, en todo momento, co



## Concello de San Sadurniño

---

disposto na lexislación alimentaria vixente e aquela que puidese promulgarse durante o contrato e sexa de aplicación. En concreto, deberá cumprirse coa normativa de prevención de riscos laborais aplicable ao ramo.

O persoal deberá estar en posesión antes do inicio do servizo do preceptivo carné de Manipulador de Alimentos.

A contratación e adquisición de artigos que se consuman no bar e terraza serán por conta exclusiva do adxudicatario, non podendo utilizar o nome do Concello nas súas relacións con terceiros, facéndose directamente responsable da obriga que contraia.

### 6.- MANTEMENTO E REPARACIÓN DO MATERIAL E INSTALACIÓNS.

O adxudicatario deberá conservar e repoñer as construcións e instalacións e mantelas en perfecto estado de funcionamento, limpeza e hixiene ata que, por conclusión do contrato, deban entregarse, co mobiliario, utillaxe e maquinaria necesarios para a súa adecuada prestación, fornecidos coas instalacións ou os que deban substituírse por desgaste normal de uso, así como aqueles ofertados polo contratista.

Deberá acometer as reparacións necesarias, incluso as xeradas polos danos causados polos usuarios, así como as melloras e elementos complementarios que se precisen para a explotación.

O mantemento da maquinaria e mobiliario, tanto preventivo como correctivo, así como as revisións e reparacións serán por conta do adxudicatario mentres estea vixente o contrato de prestación do servizo.

Todo cambio, readaptación ou adecuación das dependencias ou elementos que inclúe o bar, que implique modificar as instalacións de uso xeral deberá ser comunicado ao Concello e contar coa aprobación por parte do mesmo, sendo os gastos por conta do adxudicatario. De acordarse algunha reforma, esta quedaría a beneficio da instalación, sen dereito algún a indemnización.

### 7.- RISCO E VENTURA

O adxudicatario xestionará o servizo ao seu risco e ventura, non tendo dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados polo servizo; debendo indemnizar a terceiros dos danos que lles ocasione o funcionamento do servizo.

### 8.- FLUÍDOS, ENERXÍA E OUTROS GASTOS

Os gastos de enerxía eléctrica entenderanse incluídos no canon para abonar ao Concello. O Concello de San Sadurniño se reserva a posibilidade de executar unha acometida independente e discriminar mediante contador o gasto correspondente ao bar en caso de detectarse unha actuación ineficiente en materia enerxética ou malgasto da mesma, podendo determinarse responsabilidade en tal suposto, de conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

### 9.- RESIDUOS

O adxudicatario deberá realizar unha separación selectiva dos residuos xerados na cafetería, debendo separar:



## Concello de San Sadurniño

---

- Aceites
- Papel e cartón
- Plásticos, envases e latexes
- Vidro
- Lixos

### 10.- LIMPEZA

O contratista deberá realizar a limpeza do local do bar a diario, incluíndo os elementos que contén, así como o espazo ocupado por mesas e cadeiras na terraza. Os cristais limpanse coa periodicidade conveniente e nunca inferior a unha vez á semana.

Establécese unha periodicidade de limpeza dos aseos de dúas veces ao día (mañá e tarde) e do resto dos espazos indicados unha vez ao día, tanto os laborables como os festivos. En todo caso, as papeleiras situadas na totalidade do espazo das instalacións (incluído o céspede) deberán ser baleiradas ao finalizar o tempo diario de apertura da Piscina, deixándoas expeditas para a xornada seguinte, sendo de conta do contratista a reposición das bolsas de lixo, sen prexuízo de que ao longo do día deban ser baleiradas e repostas aquelas que alcanzasen o seu límite de contido.

Ao finalizar a xornada, o contratista deberá supervisar o perímetro do céspede retirando todos os utensilios ou refugallo que nel se atopen.

Conservará todas as dependencias en perfectas condicións de limpeza durante todo o día, destinándoas exclusivamente ao uso pactado, así como manter o bar en perfecta orde, tanto o exterior como o interior.

Tamén será obrigación do adxudicatario a conservación en perfecto estado dos locais, instalacións, utensilios, aparellos, mobiliario e demais aveños. Así mesmo, manterá limpa a terraza utilizada sempre inmediatamente despois do uso polo contratista.

O adxudicatario admitirá e acatará a supervisión da limpeza e bo estado dos espazos indicados neste apartado polo Concello, a través do seu persoal, da Alcaldía ou dos concelleiros delegados, cantas veces se requira. Se se observase negligencia no mantemento das instalacións, o Concello poderá tomar medidas para o seu cumprimento.

O adxudicatario será responsable da adecuada desinfección, desinsectación e desratización, cando fose necesario, que deberá realizarse por unha empresa especializada e debidamente autorizada para iso, realizando a debida programación das intervencións que sexan necesarias. O contratista correrá a cargo cos gastos producidos por iso e gardará xustificantes que acrediten a realización das devanditas actuacións. O adxudicatario deberá avisar ao Concello antes de realizar os tratamentos pertinentes e respectar os prazos de seguridade. No caso de que fose necesario pechar as instalacións por algún tipo de tratamento preventivo ou corrector, deberá preavisarse convenientemente ao Concello.

### 11.- PERSOAL

O adxudicatario deberá prestar o servizo co persoal necesario para a correcta execución do contrato, o cal dependerá, única e exclusivamente del, sen que teña vinculación algunha co Concello. Será por conta o adxudicatario o pago dos soldos, salarios, Seguridade Social e calquera outro concepto que devindique o persoal.

Tamén deberá cumprirse coas obrigacións empresariais que estableza a Lei de Prevención de Riscos



## Concello de San Sadurniño

Laborais, e será responsabilidade do adxudicatario axustar as condicións de traballo do persoal, quedando o Concello totalmente exento de responsabilidade sobre as condicións do adxudicatario e o seu persoal.

As ausencias ou baixas do persoal, serán cubertas polo adxudicatario, para evitar que o servizo se resinta.

Devandito persoal deberá estar dado de alta na Seguridade social, debendo cumprirse todas as disposicións vixentes en materia de seguridade, saúde e hixiene no traballo e a lexislación sanitaria en materia de preparación e conservación de alimentos, así como calquera outras que poidan resultar de aplicación por razón da materia.

O adxudicatario designará unha persoa ou encargado que lle represente no lugar de prestación do servizo, con capacidade de resolver e vixiar persoalmente o servizo e de adoptar decisións en virtude das reclamacións efectuadas polos usuarios, e vixiará persoalmente para que as tarefas para realizar sexan perfectamente levadas a cabo.

### 12.- RELACIÓN INVENTARIADA DE EQUIPAMENTO

O Concello proporcionará ao adxudicatario as instalacións, nas que se atopa situado o bar, acondicionadas para tal fin e co seguinte equipamento:

BEN	MARCA/MODELO	Nº DE SERIE/IDENTIFICACIÓN
NEVERA-FRIGORÍFICO VERTICAL	EDESA 2D 2-30	020602394
FRIGORÍFICO HORIZONTAL	CORECO SERIE BE250A	805278
FRIGORÍFICO HORIZONTAL	CORECO SERIE FMR200	806532
CAFETERA PROFESIONAL	LA CIMBALI M21DT PLUS	451931
QUENTADOR	FAGOR CB75I.	971075031
CAMPANA EXTRACTORA	CATA SYGMA 1200/C	02132303
PLANCHA DE GAS	REPAGAS/PG-65	333/99 05-05
COCINA DE GAS 4 FOGÓNS	SUPERSER E-Nr	5EB340B/01
MUÍÑO DE CAFÉ	TIPO RR45	MAT.13252
MOBLE DE CAFETERA	FRUGAL ACEIRO 5 COMPARTIMENTOS	



## Concello de San Sadurniño

FREGADEIRO	DÚAS PILETAS E MONOMANDO	
MESA CONTRACHAPADO (1.20m x 1m)	COR CREMA	

As instalacións e utensilios que se poñen ao disposición do adxudicatario deberán ser utilizados coa dilixencia e coidados debidos, para os fins que foron previstos, debendo mantelos en perfecto estado de uso, limpeza e conservación e respondendo das deterioracións que poidan xurdir polo mal uso ou negligencia, sendo pola súa conta a reparación ou reposición dos mesmos.

### 13.- LIBRO DE RECLAMACIÓNS

Existirá ao dispor dos usuarios do bar un Libro de Reclamacións, de cuxa existencia se expoñerá información ao público con carácter visible e permanentemente, así como unha caixa de correos de suxerencias.

A presentación de calquera reclamación deberá ser comunicada no prazo de 24 horas ao Concello. Sen prexuízo da actuación lexítima doutros organismos e institucións, o Concello é competente para coñecer e, no seu caso, resolver as reclamacións que formulen os usuarios.

Se a iniciativa do propio Concello ou por reclamacións ou denuncias dos usuarios compróbase que o servizo prestado non se axusta ao indicado nas condicións do contrato, o Concello poderá esixir á empresa a corrección dos defectos, á súa costa. Neste sentido, a empresa será responsable, en todo momento, do mal funcionamento do servizo.

### 14.- ENTREGA DAS INSTALACIÓNS

Ao termo do contrato, o adxudicatario entregará, en perfecto estado de conservación, as instalacións, xunto cos bens que forman parte do inventario e que se entregan coas instalacións, ou aqueles que deban substituílos por desgaste normal por uso.

Se o adxudicatario rescinde a concesión de forma anticipada por calquera causa, non poderá en ningún caso, presentarse ao seguinte proceso de adxudicación da explotación desta mesma instalación.

### 15.- LISTA DE PREZOS

Os prezos aplicables aos produtos que van ofrecerse no bar serán os que propoña o adxudicatario sobre os que figuran na lista de prezos seguinte:

PRODUTO	PREZO MÁXIMO (IVE incluído)
Café en todas as variedades	1,40€
Café dobre e/ou con xeo	1,60€



## Concello de San Sadurniño

Vaso de leite ou chocolate	1,60€
Infusións (soas ou con leite)	1,40€
Auga (0,5l.)	1,30€
Refrescos (0,20l)	1,60€
Refrescos (0,33l)	1,90€
Zumes botello	1,90€
Cervexa (caña/quinto)	1,60€
Cervexa (tercio)	2,10€
Cervexa (corto)	1,20€
Copa viño corrente	1,60€
Whisqui e similares con xeo	3,60€
Whisqui e similares sen xeo	2,60€
Combinado (con alcohol)	4,60€
Bocadillos fríos	4,10€
Bocadillos quentes	5,10€
Pincho tortilla	2,10€
Sandwiches	3,10€
Bolería	2,10€
Bolería envasada	1,60€

O adxudicatario poderá completar con outros produtos, debendo comunicar previamente a súa inclusión ao Concello e contar coa súa autorización.

A lista de prezos expoñerase nun lugar perfectamente visible do local, debendo incluír o IVE.

### 16.- ADMISIÓN E PAGO DOS SERVIZOS

O contratista admitirá ao uso do servizo a toda persoa, con exercicio do dereito de admisión. Deberá esixirse a posesión de entrada diaria ou bono de tempada en vigor para o acceso ás instalacións das Piscinas Municipais (incluído o céspede).

O pago dos artigos de cafetería polos usuarios realizarase de acordo aos prezos establecidos na Lista de Prezos proposta polo adxudicatario.



## Concello de San Sadurniño

---

### 17.- INSPECCIÓN DAS INSTALACIÓNS

O Concello ten a facultade de inspeccionar en todo momento as instalacións obxecto do contrato, así como as construcións ou bens derivados do mesmo.

O contratista está obrigado a prestar a máxima colaboración nas tarefas de inspección e control.

No seu caso, os feitos constatados nas actas de inspección municipal terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos seus dereitos e intereses poida achegar o adxudicatario. Igualmente, as actas darán lugar á incoación do expediente sancionador correspondente.

### 18.- SEGUROS

O adxudicatario deberá subscribir unha póliza de seguros contra incendios, roubos, danos e danos das instalacións.

Así mesmo, deberá subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil para indemnizar a terceiros dos danos de calquera tipo que poidan producirse a persoas ou cousas que, como consecuencia do servizo, actos propios ou dos seus empregados, prodúzanse nas instalacións do bar das Piscinas Municipais con total independencia do Concello de San Sadurniño.

O capital mínimo de ambas as pólizas deberá alcanzar os 150.000,00 €.

